Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A aleitadora de Ripás

Pasou onde chaman Castelo, lugar de mouros noutrora, en Ripás, parroquia de Abelenda, concello de Avión (Ourense).

Un día pasou por alí unha muller que andaba aleitando e unha moura que levaba unha criatura no colo pediulle de favor que lle dese de mamar ao seu neno, qe lle secara o leite.

Despois de insistir un pouco, a muller aceptou e deulle de mamar ao fillo da moura, e esta, en agradecemento ofreceulle uns tizóns queimados.

Aceptounos e meteunos no bolso, non os ía desprezar, pero en canto perdeu de vista a moura, botounos ao chan.

Cando chegou á casa e mirou o bolso descubriu que un anaco daqueles tizóns que lle quedara dentro convertírase nunha moeda de ouro. Correu, claro, a onde tirara os outros cachos pero xa non viu nada, nin carbóns nin moedas.

BIBLIOGRAFÍA

FONTE

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao, *Contos, historias e lendas da Serra do Suído (Avión-Ourense)*, AGCE, S. L., Vigo, 2008.